


BILLARDA

C.E.T.P. de Monforte

Maio 2008



EDITORIAL

Queridos membros da Comunidade educativa e lectores da revista "Billarda": Un ano máis volta a celebración das Letras Galegas, e coincidindo con esta data a publicación da nosa revista.

Nesta nova edición ao igual ca nas anteriores, toda a comunidade educativa (pais, nais, mestres, nenos/as) colaboramos para podervos amosar algúns dos traballos nos que o cole se está a implicar.

Fanse moitas cousas ao longo do curso, nas que participan todos os nenos pero amósanse as dalgúns, seguramente por falta de espazo e tamén de medios económicos para poder facer unha revista de máis volume. Por iso, pedimos desculpas a todos aqueles rapaces que fixeron algún traballo para a Billarda e non están reflectidos, que saiban todos eles que todos eran moi bonitos, bos e sobre todo, todos están feitos con moito agarimo.

Un ano máis agradecemos aos nenos, pais/nais e profesores o esforzo realizado para que un número máis da Billarda poida ver de novo a luz. Tamén agradecemos dun xeito moi especial a colaboración de persoas anónimas, así como a de todos aqueles anunciantes que coa súa achega económica fan posible que este número da Billarda vexa a luz.

Moi agradecidos a todos.

Equipo de Normalización Lingüística.



Edita: CEIP de Monforte
Imprime: Imprenta Fénix
Depósito Legal: LU-498-99

SUMARIO

Editorial.....	2
A.N.P.A.	3
Letras Galegas.....	4
Pequenos escritores.....	7
Do you speak english?	21
Monforte	23
Aconteceu	26
Investigando	36
Bos consellos	47
Divertíndonos	49
Homenaxe a	62

A.N.P.A

Todos formamos parte do colexio. Por iso existe a asociación de nais e pais A Lagoa porque o que pasa nas clases, no patio, ou nos despachos da escola non é só cousa dos profesores e dos alumnos. Tamén aos pais nos interesa que a limpeza do centro funcione como é debido, que os problemas que poidan xurdir nas clases se resolvan ben, que se fagan cousas como esta revista que tedes nas mans, ou que o transporte escolar chegue á súa hora, por exemplo. En fin, interésanos que o colexio funcione e que os nosos fillos reciban a mellor educación posible.


Que o Colexio Novo teña unha asociación de nais e pais permite que o centro poida ofertar as actividades extraescolares nas que moitos escolares participan fóra do horario de clases. Este curso tivemos informática, pintura, teatro, patinaxe, voleibol, ximnasia, rítmica, futbito, taekwondo, bádminton, danza galega e pesca. Como sabedes, nestas actividades pode participar calquera dos nenos matriculados no colexio. Non é preciso que os seus titores sexan socios da Anpa, aínda que se o son, a aportación que teñen que pagar é un pouco máis reducida.

A asociación encárgase tamén de organizar a participación do colexio no desfile de comparsas

que recorre as rúas de Monforte todos os anos o Martes de Entroido. Tamén é cousa da Anpa a excursión na que poden tomar parte todos os nenos e as súas familias para despedir o curso escolar. Ademais, a asociación colabora co colexio na festa de fin de curso.

Pero unha asociación deste tipo non ten sentido unicamente polas actividades extraescolares, o desfile de Entroido ou a excursión de fin de curso. O seu obxectivo fundamental é servir de voz das familias no colexio ou diante das administracións públicas. Para facer chegar as queixas, ou os parabéns, a quen lle corresponda.

Na nosa páxina web (es.geocities.com/anpanovo/) está a lista completa dos obxectivos cos que naceu esta asociación. Se entrades alí, veredes que pon que esa longa lista de obxectivos non se poderán lograr sen a túa participación. É certo, cantos máis nos deamos de alta na asociación cada inicio de curso, cantos máis participemos nas asembleas e reunións, e cantos máis fagamos chegar á xente que está na directiva as nosas propostas, ideas ou protestas, moito mellor traballará a Anpa e máis razóns teremos todos para estar contentos do noso colexio.



Xosé María Álvarez Blázquez pertence a unha saga de escritores: foi escritor o seu avó, o seu tío e o seu irmán.

É unha das figuras máis laboriosas da cultura galega, con unha gran actividade que chega dende a literatura (novela, poesía, teatro) ata a investigación coma arqueólogo e a súa tarefa coma editor e galeguista, militando na Federación de Mocidades Galeguistas e no Partido Galeguista.

É un dos representantes da poesía nestrobadorexa, vangarda poética xurdida ao redor de 1930 debido á difusión en Galiza da lírica medieval galego-portuguesa.

En 1950 fundou a Editorial Monterrey. En 1962 ingresa na Real Academia Galega. Funda, xunto aos seus irmáns Álvaro e Emilio Edicións Castrelos en 1964, da que foi director xerente, e na que saíron *O Moucho*, *O catecismo do labrego*, etc.

Dedicou atención ao estudo da Arqueoloxía, que tivo como resultados os descubrimentos de laudas

sepulcrais da época romana en Vigo e Teis, as industrias paleolíticas do Baixo Miño e das Gándaras de Budiño.

Na investigación literaria realizou contribucións a época chamada da Decadencia con investigacións que alcanzan ao teatro, as paraxoliñas, a poesía lírica.

Xosé María Álvarez Blázquez colaborou en diversos medios (BBC de Londres, Radio Vigo, Prensa de Galiza, Portugal e América, etc.) e pronunciou moitas conferencias en España e no mundo.

Obras:

Narrativa

- *Os ruíns*, 1936 (relatos)
- *El crimen de la isla verde*, 1941
- *En el pueblo hay caras nuevas*, 1945 (novela en castelán, finalista do Premio Nadal)
- *Una cabaña en el cielo*, 1952
- *Las estatuas no hablan*, 1955
- *Crecen las aguas*, 1956
- *A pega rabilongo e outras historias de tesouros*, 1971 (narrativa infantil)

Poesía

- *Abril*, 1932
- *Poemas de ti e de min*, 1949 (poemario co seu irmán Emilio Álvarez Blázquez)
- *Roseira do teu mencer*, 1950 (poemario)
- *Cancioneiro de Monfero*, 1953 (poemario)
- *Romance do pescador pelerino*, 1954 (poemario)
- *Excolma de epigramas*, 1968 (poesía)
- *Canle segredo*, 1976 (escrito en 1954) (poemario)

Ensaio.- Escribiu moitos ensaios.

Teatro

- *El zapato de cristal*, 1947
- *Los pazos altivos*, 1947

Premios

- Finalista do premio Nadal en 1945, coa novela *En el pueblo hay caras nuevas*.
- Premio Pondal de poesía do CEBA (1954).
- Premio Pérez Galdós de novela (1955).

ESCOLMA:

O sol polas eiras, o orballo no prado,
a gracia de Díos nos ares prendida,
e tí pequeniña.

Nos ares prendida, na iauga da fonte,
nas follas do souto, nas herbas frolídas,
e tí pequeniña.

Nas herbas frolídas a gracia de Díos,
a voz dos paxaros nos ares prendida,
e tí pequeniña!

Polo laranxal

tres avelaiñas andan a voar.

unha, dúas, tres,

de présa que voan, vense e non se ven.

Polo laranxal

tres avelaiñas andan a chuchar

unha, dúas, tres,

De tanto que chuchan, borrachas de mel.

Caídas no chan,

Tres avelaiñas polo laranxal!

A ver, mamá,

a túa neníña, que cocinará?

Cunha presa de murrunchos,

unha folla de lureiro

e brazadiño de funchos,

que comidiña fará?

Ela dí

que vai facer uns melíndros

para mín e para tí!

Ao ver que non tíñas nome

maxinamos que serías

ventureiriña do monte.

Frolecíña ventureira

que -ao millor- nasceu co orballo

nunha luzada de estrelas.

Coma andabamos a rír

-ventureiriña do monte!-

chamásmoste *Colorín*.

O año pítaño
 vaí no paraño.
 A cabuxa luxa
 marchou onda a bruxa
 O gato cegato
 fuxiu ao burato.

O coello vello
 anda no cortello.
 O galo ralo
 rubíuse no valo,
 e a galiña tíña
 está na cocíña.

Anda, neníña,
 déixaos estar,
 e ímos brincar
 cas cunchas do mar.

Eu non séi ...,
 onde andará o teu sono
 que non vén?

Sábelo tí?...
 Onde tes o soníño
 que eu che dín?

Á frol, á frol ...!
 Imos apañar
 as bágoas do sol.

Andar, andar!
 Todos a coller
 a luz do luar.

Abulír, correr,
 traede angarelas,
 que as ímos encher
 con ouro de estrelas!

No rego do prado
 canta a cotovía
 -paxariño amado
 que che ben quería-.

No ramo frolído
 o merlo a cantar
 -paxaro velído
 Para o teu ollar-.

No verde loureíro
 troba o reíseñor
 -paxaro líxeíro
 para o teu amor-

A PRIMAVERA

“Milleiros de andoriñas
alá polo marzal
voaban polo ceo
voaban polo mar.

Milleiros de andoriñas
alá polo marzal
volvían aos seus niños
volvían ao fogar.

Milleiros de andoriñas
alá polo marzal
bailaban muiñeiras
bailaban no luar

(Antonio García Teijeiro)

Alumnos de 1ºB

Tania	Sabrina
Álvaro	Miriam
Antonio	Roberto
Celia	Joel
Adrián	Daniel
Samuel	Manuel
Nerea	Victor
Álex	Carmen
María	



DITOS- E-REFRÁNS

Tenho un pequeno pequeniño,
que se chama Marcial,
e o regalo de Reis
quero en Nadal.



Pola Santa Lucía,
mengua a noite
e crece o día.



Nadal mollado
xaneiro xado.




O coello polo San Xoán e
o pauzo pola Nadal.



Tría, Elisabeth, Eva e Rinara 2ºB

A cidade de Billaridos

Había unha vez unha cidade chamada
Billaridos onde todo o mundo era tanto
menos Oscar. Oscar era moi traballador.
Un día descubriron que el non era normal
porque todo o facía con maxia. Entón
todos descubriron que eran listos. En-
sináronlle a Oscar todo e colorín, co-
lorado este conto está rematado.



RIMANDO RIMANDO...

A unha ovella
Picoulle unha abella



Só vexo o sol, e non as estrelas
Quen me dera velas!



Chega unha vampiresa
E séntase na mesa

Danme envexa os paxaros
eles andan polos tellados.



Ven un camelo
Comendo un caramelo



As nubes son brandiñas
E tamén blanquiñas



Sentado nun banco
De cor branco

Tamén está a lúña
É máis pequeniña



Cheiran olor a mofeta
Dame unha violeta

Cando vou a praia
Hai máis sol ca na montaña.



Vexo unha bolboreta
Que choca cunha cometa

Se hai treboada no ceo
Todo parece máis feo.



Levántome e véxome no espello
Estou todo vermello

A gaivota
comeuse unha pota.

Miro ao ceo
¡Non vexo o terreo!

O sombreiro
É dun mariñeiro.



3º B

Para todos, quero PAZ

Para a miña compañeira do cole, quero a PAZ,
aínda que se cole na fila ou me empurre por detrás,
aínda que colla as miñas cores ou me faga rabiar,
aínda que me belisque...

¡Para el quero a PAZ!

Para a miña “profe” quero a PAZ,
aínda que as veces me teña que rifar,
porque me pelexe con algún compañeiro,
ou porque na clase me porte mal.
Porque sei que a “profe” quéreme,

¡Para a miña “profe”, a PAZ!

Quero PAZ para os meus pais,
para que se queiran e se respecten
cada día máis e máis,
porque cando hai cariño e respecto,
é posible a PAZ.

¡Para a miña nai e o meu pai, para a miña casa,
a PAZ!

A PAZ para os meus irmáns,
aínda que o maior crese moi listo
porque sabe máis ca min,
e o máis pequeno me quite os meus coquetes.
Aínda que pelexemos todos os días,
e nos portemos mal,
tamén para os meus irmáns.

¡Quero eu a PAZ!


Peñamos o noso granción de PAZ,
xuntemos as nosas mans,
se queremos de verdade, aboiará unha enorme onda
de agarimo e amizade,
que acalará os canóns,
e as bombas parará,
vencerá ao terrorismo,
a tortura e a maldade,
se todo o mundo puxera
ese granción de PAZ.

CARTAS A PAPÁS

Papá es moi bo comigo, pero as veces enfádaste. Outras veces rimos countos e logo volvemos enfadarnos, pero dáme igual porque sei que todo se amaña. De todas maneiras quéroste e por iso ningún enfado pode cambiálo.



Papá tes un carácter máis ou menos, pero es doce coma un algodón, nunca che quitarán o amor. ¡Sempre serás o meu papá!



Papá quéroste moito, gústame o fútbol, o coñecemento. O sistema solar gústome moito, e grazas ás túas explicacións os traballos foron moi ben. ¡Bicos!



A CAIXIÑA BALEIRA

Érase unha vez un neno de oito anos que lle regalou ao seu papá unha caixiña baleira. Ben, non, non, estaba baleira coa o saberedes ao final ...

O pai abriu a caixa e ao ver que aparentemente non tiña nada, rifou co neno. Este espetou: ¡A caixiña está chea de bicos!

O pai quedou máis ou menos convencido. Pasados moitos anos o fillo marchou a traballar fora e poucas veces podía volver a ver aos seus pais.


Agora sempre que os papás querían un bico, abrían a caixiña e ...


¿Qué saía da caixa?


FELICIDADES A TODOS PAIS E NAIS! Ooxalá sempre saibamos ver os contados das caixas.



No fondo dese mar
vivía unha malvada quenlla.







... e
colorin
colorado
este conto
quedou
rematado.

PANXOLIÑA

Cantade moziños
e mozas tamén,
que Deus esta noite
naceu en Belén.
Enriba das pallas
está o noso Rei
que pequerechiño
que bonito é.
A súa cariña
é doce é mel
é suave, branquiña
como a súa pel.



Raquel 2ºB

PIMPA VEU AO MAGOSTO

Pimpa era unha raíña das castañas e hoxe estivo no colexio Novo, cos nenos de terceiro.

Chámase Pimpa e veu hoxe aquí a contarnos a súa historia:

“Meu pai é un castiñeiro, raro non? O embarazo desenvolveuse dentro dun ourizo que pica moito para protexerme. No outono deixáronme caer... e nacín eu!

Todos os galegos se alegran ao verme e celebran a miña chegada coa festa do magosto; pero se hai alguén que me colla, me semente e me coide... de min nacerá unha árbore fermosa!

Ánxela 3ºB

TABOA DO TRES

Tres por unha e tres,
coxo vai o cempés.

Tres por dous, seis
mel con pan comen seis.

Tres por tres, nove,
En folerpas cae a neve.

Tres por catro, doce,
doce meses, doce.

Tres por cinco, quince,
os ollos do lince.

Tres por seis, dezaoito,
teño un barquillo de corcho.

Tres por sete, vinteún,
ovos de oca almorzo.


Tres por oito, vintecatros,
catro plumas ten pato.

Tres por nove, vinteseite,
Mete pata, pata mete.

Manuel Cerdeira 4ºA



O ANIVERSARIO DE MIRIAM



Nun pobo moi bonito chamado Alasca vivía unha nena pequeniña chamada Miriam. Ela ía cumprir catro anos e o seu aniversario íase celebrar o 25 de marzo.

Os seus amigos de clase xa estaban invitados e , eran moitísimos, Rosa, Andrés, Margarida, Lola, Tomás, Luci ...

Eles querían a mellor festa para ela, así que mercaron globos, cintas para colgar no teito e agasallos moi bonitos.

Xa era noite de 24 de marzo e a súa nai fíxolle unha cea moi rica.

Así final súa nai díxolle: -¿gustouche filla?

- ¡ Moito, mamá!- respondeu a pequena Miriam. E foi durmir antes do previsto.

Por fin chegou o 25 de marzo, o día esperado por Miriam e os seus amigos. Tomás ocupouse de poñer os agasallos nun recuncho. Lola de colgar as cintas, Andrés de poñer a torta, Luci de poñer os flocos de miño e demais.

Miriam quedou sorprendida, pensaba que ía ser bonita, pero non tanto.

Alegrouse moito de ver que todos os invitados estaban ali. Os seus pais tamén se alegraron de ver aos pais dos nenos.


Foi unha festa de aniversario inesquecible e os seus agasallos foron: Unha boneca de trapo, unha cocíña pequena, un cubo coa pa e os moldes para cocer coa area, unha piscina inchable, o CD Cantemos o Nadal I-II.

A torta, as bolas de queixo, os sándwiches, e todo o demais estaba moi bo.

Os seus amigos cantáronlle antes de marchar:

¡ Feliz, feliz no teu día e que a paz estea na túa vida, que cumpras moitos máis! Feliz aniversario!


Leidy 4^oA



Abecedario Braille					
a	b	c	d	e	f
k	l	m	n	ñ	o
u	v	w	x	y	z
U	MASCULAS	PREFIXO NUMERICO	PUNTO	COMA	SIGNO DE INTERROGACION

Nun sitio moi lonxe había un bosque tenebroso, no que vivía un esquío chamado Rofi, co seu irmán Xoán e coa súa nai Fernanda. Cada mañá Rofi e o seu irmán ían buscar piñas para comer, brincando de póla en póla. Un día Xoán, púxose enfermo e dixo a súa nai:

- Rofi vai buscar ó teu tío Ramón.
- Pero, mamá, está moi lonxe e é moi perigoso.
- Se non vas, o teu irmán morrerá.
- Está ben mamá, prepara a mochila, mentres eu vou buscar a Moncho o meu amigo.



Foi buscar a Moncho, volveron a casa de Rofi, colleron a mochila e, en marcha. Polo camiño encontraron un río. Logo encontráronse cun león pero de seguido subiron a unha árbore e dixo Rofi:

- ¿A que non chegas?
- Pois non - dixo o león.

Emppezou a axitar a árbore, Moncho e Rofi fuxiron. Seguiron o seu camiño e chegaron. Petaron á porta e Ramón abriu. Rofi díxolle o que pasaba e dixo Ramón:

- Pois en marcha. E ¿por onde viñestes?
- Polo bosque, eu teño un atallo, vinde - di Rofi.

Chegaron de contado pero manchados. Mentres Ramón curaba a Xoán, cun pano de area, Moncho e Rofi duchábanse. Rofi e a súa nai

púxéronse moi contentos cando Xoán se puuxo ben.

Nerea López Rúa 4º B

A BOLBORETA DOURADA



Había unha vez nun bosque unha bolboreta que só se podía ver cando era día.

Unha mañá un neno chamado Manuel foi ao bosque a recoller castañas, e entón ollou unha bolboreta fermosísima, abraíabala coma a luz dunha estrela.

Acabou de recoller as castañas e emprendeu o camiño de volta á casa, e chegar estaba moi emocionada e díxolle á súa nai:

- Mamá atopei unha bolboreta fermosísima, era dourada e parecía que saltaba estrelas ao seu arredor.

O neno volveu cara o bosque, pero xa estaba anoitecendo, buscou e buscou, pero non deu coa fermosa bolboreta.

Entón volveu cara a casa moi amolado. Ó chegar díxolle á súa nai:

- Fui ao bosque en busca da bolboreta e non estaba por ningures.
- Fillo non te das conta de que as bolboretas agóchanse ó chegar a noite -contextou á súa nai.

Laura María 4º B

O ECO E A FLOR

Eco era unha fermosa ninfa que vivía no bosque. Lá polos montes saltando entre as árbores e correndo pola de ríos e arrosios.

Era tan bonita que parecía admirala, contemplala: máis falaba moito e desfaciase o encanto de aqueles que estaban con ela, aburríanse de oíla sen cesar; ata a súa beleza parecía desfacerse no aire.

Unha vez, a constante fala de Eco enfureceu tanto a unha Deusa, que prohibiulle da facultade de falar coas súas frases.

Todo o que Eco podía dicir a partir de aquel momento serían as dúas ou tres últimas palabras das frases dos demais e as veces sen dos animais.

Para a pobre Eco, que estaba acostumada a falar e falar, esa era unha vida monótona. Un día de aqueles tan monótonos Eco tiño unha sorpresa moi rara. Diante dela, no bosque estaba a home máis guapo que vira na súa vida. Este home era un cazador chamado Narciso.

"Debo ver visións", pensou Eco.

Coas mans abertas tapou a cara para ver se era un soño, entón quitou as mans e viu que era verdade.

O que Eco non sabía era que o guapo Narciso so pensaba nel e nos cumpridos que lle facían.

- Ola- saudou Narciso.
- Ola- repetiu Eco
- ¿Quién es?
- ¿Quién es?
- ¿Vives por aquí?

- ¿Vives por aquí?
- ¿Ti es burra?
- ¿Ti es burra?
- Cala xal
- Cala xal

Cando Narciso oíu a Eco repetir o que el dicía, enfadouse tanto que foise de alí, pois non tiña tempo para as imitacións de Eco; necesitábas para pensar en si mesmo.

Din que Eco púxose tan triste, que foi a unha montaña e alí transformábase en pedra, non quedando nada máis que a súa voz, que pode oírse hoxe en día repetindo as palabras dos demais. Os xustos deuses dos ceos, vian as feas accións de Narciso e o triste destino de Eco, decidiron castigalo por pensar só nel.

Un día foi de caza e pasou por un lago e parou a beber, entón viu o seu reflexo na auga. Empezou a sorrir e o lago imitouno. Os deuses fixeron que se quedara alí admirando a súa cara. Desta maneira, abraiado polo reflexo do seu rostro, pasou días e días, sorrindo e facendo xestos á auga, esquecéndose incluso de comer e de beber, ata que se consumiu. Os deuses baixaron para recollelo seu corpo e leválo ó país da morte e no lugar onde estivera creceu unha fermosa flor, que recibiu o seu nome: o narciso.

Meritocell 5ªB

Entrevista a Luisa, profesora de preescolar:

- Cantas horas traballas ao día?
- **5 ou 6 no colexio.**
- Cantos anos levas sendo profesora?
- **22 anos.**
- Como se portan os teus alumnos?
- **De marabilla.**
- Gústache o teu traballo?
- **Sí, encántame, porque divírtome moito cos nenos.**
- Tes outro traballo, ademais de profesora?
- **Ama de casa.**
- Como castigas os teus alumnos?
- **Non os castigo.**
- Que diferenza hai entre preescolar e primaria?
- **Diferencias hai moitas, a máis visible é que preescolar ten un horario globalizado e primaria non.**

(Paula, 5ºA)

Entrevista a Alejandro, conserxe do colexio:

- Gústache o teu traballo?
- **Sí**
- Canto tempo levas no colexio?
- **5 meses.**
- Cal é o teu horario de traballo?
- **De 9:30 a 13:30 e de 15:30 a 18:30**
- Estiveches noutros colexios?
- **En dous máis.**
- Que se necesita para ser conserxe?
- **Moita paciencia.**
- En que consiste o teu traballo?
- **En facer de todo.**

(Miguel, Samuel, Yedra
Laura, 5º)

Entrevista a Isabel, profesora de Relixión:

- Gústache o teu traballo?
- **Sí, moitísimo.**
- Foi moi longa a carreira que fixeches?
- **Bastante, porque fixen dúas.**
- Cantas horas traballas?
- **21 lectivas.**
- Cando eras pequena, que querías ser de maior?
- **Azafata de voo.**
- Pensaches algunha vez que te dedicarias a este traballo?
- **Non.**
- Cales son túas afeccións?
- **O cine, o arte e viaxar.**
- Cal é a túa canción favorita? O teu libro? A túa película?
- **“Nothing else”, “El antropólogo inocente” e “El orfanato”.**
- Estiveches noutros colexios?
- **Sí, en varios.**
- Que farías para mellorar os estudos dun neno?
- **Primeiro ver no que falla e tentar axudalo.**

(Sabela F. 5ºA)

Entrevista a Miguel, orientador do colexio:

- Gústache o teu traballo?
- **Sí, moito.**
- Que carreira estudaches?
- **Maxisterio e Psicopedagogía.**
- Cantos anos estudaches?
- **Seis anos.**
- Foron difíciles as carreiras?
- **Non.**
- Cal é o sistema do teu traballo?
- **Entrevistas, reunións, etc.**
- O que máis che gusta do teu traballo?
- **Os nenos.**

(Rocío, 5ºA)

Entrevista a Almudena, profesora de primaria:

- Que carreira estudou?
- **Maxisterio.**
- Por que decidiu facer este traballo?
- **Porque gústame moito traballar con nenos.**
- Que consello lle pode dar ós novos profesores?
- **Que poñan moita ilusión no seu traballo.**
- Que é o mellor é o peor do seu traballo?
- **O peor poñer as notas e o mellor ensinar.**
- Que é o máis difícil e o máis fácil da súa profesión?
- **As diferencias entre algúns grupos e o agradable estar cos nenos.**
- Que actividade educativa cre que é mellor?
- **Aprender a pensar.**
- Cal é o obxectivo do seu traballo?
- **Que os nenos e nenas consigan unha boa formación.**

(Juan, 5ºA)

Entrevista a Manuela, nai coidadora do comedor:

- Cantos anos levas traballando no comedor?
- **Catro anos.**
- Que é o que máis che gusta no teu traballo?
- **Os nenos e nenas.**
- Cantas horas traballas e cantos días?
- **Seis horas de luns a venres.**
- Tiveches algún outro traballo antes?
- **Sí, traballei no hospital.**
- Gustaríache traballar noutra cousa?
- **Máis das que dedico no colexio.**
- Gustaríache traballar noutra cousa?
- **Estou contenta co que teño.**

- Non.

(Lola, 5ºA)

Entrevista a Loly, profesora de Inglés:

- Canto tempo levas no colexio?
- **Catro anos.**
- Gustache ser profesora de inglés?
- **Sí, encántame.**
- Por que te fixeches profesora de inglés?
- **Porque fun emigrante cos meus pais a Londres, e de retorno ó meu país para non perder a lingua que aprendín de pequena pensei en poder ensinala aos demais.**
- Foi moi difícil chegar ata aquí?
- **Bastante, xa que tiveron moitos problemas para aprender ben o castelán e máis tarde o galego.**
- Que carreira estudaches?
- **Maxisterio e Filoloxía inglesa.**
- Que é o que máis che gusta do teu traballo?
- **Cando vexo bos resultados, sobre todo en competencia lingüística.**
- Gustaríache cambiar de traballo?
- **As veces, dependendo de cómo se de o día.**

(Sabela J. 5ºA)

Entrevista a Natalia, profesora de E.Física y primaria:

- Que é o que máis che gusta do teu traballo?
- **A relación directa cos nenos e aprender cousas deles.**
- Cantas hora traballas ao día?

Moitísimas grazas a todos por atendernos con tanta amabilidade.

Happy flowers

Narrator:

Once upon a time, there were two friends, they were plants and neighbours. The happy plant lived in the front garden of a beautiful big house. Her name was Rose, she was bright red. The sad plant lived in the back garden of a small house. Her name was Daisy, she was yellow.

One sunny day rose heard someone crying, she stretched and stretched and stretched to see if she could help.



In the next garden, Daisy was crying.

Daisy: Gua, Gua, Gua!

Rose asked:

Rose: What's the matter Daisy?

Daisy: I'm very sad.

Rose: Why are you sad?

Daisy: Because the children don't love me.

Rose: Oh Dear!

Daisy: They play in the garden,

Rose: Oh Dear!

Daisy: they hit me with the ball.

-Children: Oh Dear!

Daisy: They pull off my petals and break my leaves.

-Children: Oh Dear!

-Daisy: And, they don't water me.

Children: Poor Daisy!

Rose: Don't worry Daisy. I've got an idea. I can help you!



Daisy: Oh, Thank you! You are very kind.

-Rose: Tonight, when everybody is asleep you can move to my garden.

Daisy: I can't. I'm stuck in the soil.

-Daisy: Gua, Gua, Gua!

Children: Poor Daisy!

Rose: Don't worry Daisy. Don't worry!

Daisy: Thank you very much! You are very kind!





Narrator:

Rose calls her dog Sul.

-Rose: Sul, come here please!

-Sul: Yes, What's the matter?

-Rose: Can you help my friend Daisy? She's stuck in the soil.

-Sul: Yes, of course!

-Rose: Tonight move her to my garden, please!

-Sul: OK!

Narrator:


That night, Sul helped Daisy and very quietly she moved to Rose's garden.

In the morning, it was a very sunny day, Mrs Jones woke up and looked through the window. She saw a beautiful, yellow daisy in her garden.

She ran out to the garden and said :

-Mrs Jones: what a beautiful yellow daisy! I'll look after you. I love plants".

Narrator:



Mrs Jones went inside and called her children.

-Mrs Jones: Quillan, liz, John come here, please!

Mrs Jones' children: Yes, mum! What's the matter?

Mrs Jones: Go out to the garden and have a look.

-Quillan: Mum, there's a new plant in our

garden

Mrs Jones: Yes, It's beautiful!

-Liz: Mum, It's a yellow daisy!


Mrs Jones: What a beautiful yellow daisy!

-John: mum, Can I look after it?

-Mrs Jones: Yes, of course!

Mrs Jones' children: We'll look after you Daisy! We love plants

Narrator: Daisy was very very happy Rose and Daisy lived together, happily ever after.



FALAMOS DE MONFORTE

Monforte é o núcleo urbano máis importante do sur de Lugo. Un dos monumentos máis importante é o Castelo de San Vicente dende o cal temos unhas boas vistas de Monforte e seus arredores.

Nos seus tempos, o castelo pertenceu aos Condes de Lemos, moí contados na nosa historia, logo houbo un mosteiro, e no día a día de hoxe é un hotel ou máis coñecido coma o Parador Turístico.


Paula Maceda García 4º B



A IGREXA DA ALDEA

Vou falar da Igrexa da miña aldea. Hoxe é pequena, pero en tempos pasados foi un mosteiro onde vivían

monxas, por este motivo o pobo é coñecido hoxe co nome de Mosteiro, nembargantes a Igrexa chámase San Miguel. Conta unha lenda que unha praga de formigas atacou o mosteiro e as monxas tiveron que fuxir, a madre abadesa escapou polo monte que hai diante da Igrexa ata unha pena onde a comeran as formigas e alí atopárona morta. Nos capiteis da Igrexa aparecen debuxadas unhas figuras que parecen formigas, de aquí parte a lenda. Esta igrexa foi declarada monumento nacional no ano 1964 e ten unha antigüidade de preto de 800 anos.



A FESTA DO VIÑO

Nela hai moito viño. Os que participan son moitas bodegas e ademais compran moito viño. Os nenos xogan nas atraccións que hai. Tamén hai globos e sitios onde comer o polbo, lambetadas,...

Persoas que amargan o día e persoas que non, a verdade é que é moí divertida. Vaí ti e verás como te divirtes.

ven e pasalo moí ben.

Venden roupa, zapatos, calcetíns, de todo. Ademais hai moitos tipos de viños, uns bos e outros... malos.

Se queres, dígoche dous; Adegas Vero e Loveiras.

Onde está a xente que vende viños, chámanse estáns.

Antía Vero López 4ºB

A HISTORIA DE FORGAS

Forgas é unha aldea de Pobra de Brollón, situada entre montañas, por ela pasa o río Forgas.

Antigamente había minas de ferro e nelas traballaban as xentes daquela aldea que era a súa forma de vida.

Hoxe pódense atopar algunhas pedras de ferro no río.

Uxía 4ºB

O MÓNSTRUO DE FERRO

Monforte pola súa situación foi un lugar por onde entrou o monstro de ferro, é dicir o ferrocarril a Galicia.


Neste primeiro tren que cegaba en 1883 vía xaba o rei Alfonso XII quedando inaugurada a liña entre Madrid e A Coruña sendo algo histórico que supoñía o final do illamento de Galicia.

A chegada do tren deu vida a un Monforte moderno e liberal onde traballaron miles de obreiros que vivían no barrio da "Estación". Aquí cegaron dende as primeiras máquinas de vapor como "Mikado" e

as primeiras eléctricas como "As Japonesas".

Boa parte da historia do ferrocarril en Galicia escribiuse en Monforte.

Adrián 4ºA



O ENCORO DE VILASOUTO

No pobo de Vilasouto, fai moitos anos, fíxose un encoro. Os encoros serven para gardar a auga e fanse en ríos de moito caudal. Este encoro énchese coa auga do río Mao.

Ten de largo dende a ponte ata a cola uns 4 km, caben 22 millóns de m³ de auga. Foi un dos primeiros que se fixo oco por dentro e ten catro plantas, en cada planta hai galerías e tamén ten un ascensor.

Este encoro so se usa para regadío e para uso doméstico, por eso non produce electricidade.

Empezouse a facer no ano 1965 e rematouse a finais do ano 1967.

Meu avó traballou nel cando o fixeron, era barrenista. Tamén se conta que quedaron algunhas casas de varias vilas mergulladas: Ferrería de Vilasouto, Vilanova, Mosteiro e dous muiños do pobo de Goo.

Jacobo 4ºB


A FEIRA MEDIEVAL

Cada ano en Monforte de Lemos celébrase a Feira Medieval arredor da muralla.

Uns "zancudos" estaba por alí dando voltas. Había un arqueiro tirando ceteiros frechas. Tamén había: falcóns, aguías, mouchos e unha curuxa. Eu tíven na man un falcón.

Tamén tendas de xoguetes e artesanía. E finalmente un home aparentemente "cego" que cantaba. O tempo foi chuvioso, polo tanto malo.

Luis Rolando López Vázquez 4ºB



Carlos Díquez Fernández 3º A (Debuxo finalista no Concurso de Debuxo Medieval 2008)

A FEIRA

As feiras son típicas en toda Galiza, nas feiras cómese polbo e carne ao caldeiro no verán ven moita xente doutros sitios a probar esta rica comida.

Hai: postos de roupa, calzado e de moitas máis cousas e os gandeiros levan o seu gando a vender.

Hai moitos tipos de feiras: feira artesanal, feira de gastronomía, feiras medievais, feira do viño... Aquí en Monforte de Lemos hai dúas feiras ao mes: o día 6 e o 24, e tamén hai unha ao ano que é a medieval na que se expoñen produtos artesanais como a olaría de Gundivós, pan artesán, cestas de vimbía, coiro e a maioría da xente leva o traxe que se levaba na época medieval.

Zaida 4º B

VISITA Á ESTACIÓN DO TREN E AO MUSEO DO FERROCARRIL



No mes de novembro os nenos e nenas de Educación Infantil visitamos a estación do tren e o Museo do Ferrocarril.
Primeiro mercamos os billetes.

Logo saímos á plataforma e fixemos grupos pequenos de nenos e nenas para ir a ver a oficina de circulación.



Segundo saíamos da oficina de circulación fomos subindo a unha locomotora eléctrica.



Despois subímos todos a un tren automotor que nos levou ata o Museo do Ferrocarril.

Alí ensináronnos máquinas de tren de diferentes épocas e deixáronnos subir a unha máquina de vapor Mikado.



Logo fomos nun tren turístico ata a placa ou rotonda para que observáramos como o tren daba a volta.

E así rematou unha mañá divertida de viaxes en tren.

OBRADOIRO DE PLÁSTICA



Un grupo de pais e nais de alumnos do CESP de Monforte formaron un obradoiro de plástica para facer os decorados e disfraces dos nenos e nenas que participan en obras de teatro que se representan no centro.

Ademais, polo Entroido fixeron compadres e comadres que representaban aos profesores e demais persoal do centro. Elaboraron os disfraces dos nenos e nenas de E.S e primeiro ciclo de Primaria e fixeron o compadre e a comadre que representaban ao centro nun concurso proposto polo Concello.



Terminan cun traballo e xa están pensando en elaborar os disfraces ou decorados que se necesitan para a seguinte representación ou actividade. O centro quere agradecerlles con esta pequena recensión no xornal escolar toda a axuda que lle están ofrecendo.

Grazas...

O ENTROIDO

O Entroido é unha das festas máis populares de Galicia. No noso colexio disfrazámonos todos desde parvuliños ata os nenos de 6º e tamén algúns profesores.



Había nenos disfrazados de amorodos, espantallos, magos, astronautas e de moitas cousas máis.

Estivo moi bo día e baixamos todos o patio, alí fixemos un desfile cada un co seu grupo, rematando todo unha "chocolatada".

¡Estivo moi ben!



Aída, Juan, Micaela e Sandra R. 2ºB

Aída, Juan, Micaela e Sandra 2ºB

Primavera

A primavera chegou á clase de 3 anos e os nenos e nenas fixeron unhas coroas de flores moi vistosas e coloridas para festexar esta nova estación que nos visita.





Celébranse este ano as olimpíadas en Beijing.
 En Barcelona celebráronse no ano 1992 unhas olimpíadas e nos sacamos estas fotos cunha das fachos que serviron para achegar a chama olímpica a Barcelona.



BILLARDA

ACONTECEU





E ADEMAIS ...

En outubro celebramos o magosto ...

...e en Nadal fixemos un belén moi orixinal que o segundo premio gañou ...

Recibimos a visita dos reis magos ...




... e das mamás Noël tamén.

No Entroido disfrazámonos todos ...



...e este ano elaboramos un compadre e unha comadre moi medievais.. A Don Rodrigo e Dona Ximena queremosvos presentar ...



Cantando e recitando poesías o día da paz quixemos celebrar ...



...todo o colexio ao completo quixo participar e uns globos de cores soltáronse ao final.

O conto "Happy Flowers" os de 5 anos e 2º quixeron representar e a todos deixaron coa boca aberta de par en par...




...os de 5º A non quixeron quedar atrás e o primeiro premio do concurso de curtametraxes organizado polo cineclub "A Calexa" tiveron que levar...

E o equipo Alevín Feminino de Bádminton quedou 1º clasificado no Campionato Provincial.



Se máis de nós queres saber visita a nosa web:
www.centros.edu.xunta.es/ceipdemonforte



O XABARÍN

O xabarín é un porco salvaxe que representa unha raza dos mamíferos máis grandes (poden alcanzar 1.60 m. de lonxitude) e máis cotizados polos cazadores en España. É tímido excepto cando está ferido, que transfórtese nun animal fero e perigoso.



En o corpo robusto, con cabeza triangular alongada nunca pequena trompa. Os seus cabeiros son saintes. Considérase que é o antecesor do porco doméstico.

O xabarín prefere os montes pechados os lugares pantanosos con moito barro. A súa vida é nocturna. De día permanecen agachados nos lugares máis frescos, e pola noite saen comer a súa dieta cotiá: froitos silvestres, sementes, froitos secos e insectos.

Durante os meses de outono/inverno os machos peléxanse para conquistar unha femia. En marzo nacen os raíóns que moitas veces teñen raias no pelo, pero a súa cor vaise igualando segundo vaian medrando.

(Diego, 5^º A)

O OURIZO CACHO

O ourizo cacho é un mamífero insectívoro que abunda nas fragas galegas e nas praderías que teñen arbustos, e valados onde agacharse.

Os adultos poden pesar máis dun quilo, a súa característica máis rechamante son as pugas ou puntas de que está revestido. Os músculos cutáneos permitenlle envolverse e formar unha bola, así se protexe. Os seus ollos son pequeniños, as orellas redondeadas e o focinho aguzado. Os machos son máis grandes que as femias. Son animais lentos. Emiten sopridos e asubios.

A súa actividade é nocturna. Caza e come sobre todo insectos, pero tamén come caracois, limachas e ras. As veces ovos de aves, landras, castañas...



Polo día están en niños inaccesibles. Normalmente teñen dous períodos de celo. A xestación dura dous meses. Teñen entre cinco ou seis crías, que nacen cegas e abren os ollos

as dúas semanas e aos tres días xa teñen pinchos que se van endurecendo. Roxe é unha especie protexida.

(Rugo, 5ªA)

GARZA REAL

É un ave que pertence a familia das Ardeidas. Hai unhas 60 ou 65 especies.



Teñen o bico afiado e o pescozo longo e flexible e o corpo voluminoso e cuberto de plumas, segundo o grupo as cores das plumas varían. As patas son longuísimas.

Alimentanse de peixes, escaravellos, ras e pequenos mamíferos. Os niños soen facelos en solitario ou en colonias. As veces en árbores pero poden facelos en xuncos esmagados. Pasan o tempo cerca da auga, xa sexa doce ou salgada.

(Usúa, 5ª A)

PERDIZ

A perdiz é un ave moi apreciada na gastronomía, polo que adoita ser perseguida polos cazadores.

A súa alimentación está baseada

principalmente en vexetais: herbas, froitas, flores, etc. e en animais coma arañas, saltóns, etc.



A partir de xaneiro os machos comezan o celo. A época da cría desenrolase dende abril a maio. O macho prepara varios niños. A femia elixe un, e pon entre nove e dezaoto ovos. Os incuba 23 días. Os polños eclosionan cun peso aproximado de 20gr. Abandonan o niño con rapidez aínda que seguen unidos ata o seguinte período de cría.

(Breixo, 5ªA)

TROITA

É peixe que vive nos ríos e regatos. Atópase ameazada pola contaminación das augas e polos encoros.



A troita adoita diferencias dependendo das zonas, así poden cambiar de librea segundo o lugar do río onde vivan. Adáptase a

diferentes ambientes acuáticos sempre que sexan augas frías, limpas e ben oxixenadas. Recoñécense polas pintas vermellas ou escuras que teñen polo corpo.

(Jessica, 5ªA)

CENTOLA

A centola é un crustáceo de cuncha espiñento, cuberto de lanuxee. Vive na auga salgada e é un dos mariscos máis apreciado gastronómicamente. O seu corpo está dividido en cabeza e cefalotórax.



Ten ollos compostos. Súas patas son largas e fracas e ten o corpo grosso e redondeado. Aliméntase de estrelas de mar, moluscos, algas, ourizos e outros invertebrados. Poden chegar a pesar ata 4 quilos.

(Manuel, 5ªA)

O LOBO

O lobo é unha especie ecoloxicamente moi complexa e que ademais interfere en moitas ocasións nos intereses da xente que vive do campo. Hai en

España lugares onde o lobo está protexido e páganse os danos que causan.



O lobo non é tan feroz como parece é un animal moi útil para manter o equilibrio da natureza. Cos seus grandes dentes e os ollos brillantes, o lobo ten aspecto feroz, aínda que cace presas solo faino para comer. Un adulto de lobo gris pode chegar a medir ata 1,6m de longo. A cor adoita ser vermella - amarelento ou gris. Os dentes son poderosos, a cola peluda e as pupilas redondas. Aliméntanse de veados, renos... A súa gorida pode ser unha cova, o oco dun madeiro e a vexetación espesa. O lobo emite un ouveo característico que óese ata 10km de distancia. Teñen crías entre abril e maio, e a camada é de 5 ou máis.

(Lola, 5ªA)

A CEGOÑA

As cegoñas brancas miden de 80 a 100cm de lonxitude, a envergadura das as chega ata 220cm. Son case completamente brancas. O peiteiro

longo e forte, as patas vermellas, negras no caso dos exemplares novos. Camiñan de xeito lento e firme cando están no chan e voan co pescozo esticado. A súa voz é case inaudible, polo que fan ruidos producidos ó facer bater o bico. Este repique serve para saudar á parella cando chega ó niño a para ameazar ós competidores. Emprégano tamén durante o ritual de cortezo.



A alimentación é estritamente de orixe animal. Son cazadores oportunistas que comen do que atopan: miñocas, insectos, anfibios, réptiles, ratos, peixes e mesmo prea. Cazan camiñando polos prados ou as zona húmidas buscando presas que capturan estirando o pescozo e cazando co bico.

Crían en áreas abertas ou semiabertas, preferindo as que están preto das augas. Fan os niños en árbores, edificios ou acantilados. Adoitan usa-lo mesmo niño varios anos posta componse entre 3 e 5 ovos que son brancos cun granulado fino.

A cegoña é un ave migratoria que percorre longas distancias, aínda que algúns exemplares permanecen nos

seus territorios de cría durante o inverno, así sucede nos últimos anos que deteñen a súa viaxe na península ibérica atraídas polos alimentos que atopan.

(Juan, 5º A)

E MÁIS ANIMAIS ...

A QUENLLA BRANCA

(*carcharodon carcharias*)

A gran quenlla branca, a maior das quenllas estritamente carnívoros, habitan nos mares e océanos tropicais e temperados de todo o mundo.

As quenllas brancas utilizan os sentidos do oído, olfacto, a vista, o gusto, o tacto e a súa percepción eléctrica para localizar as súas presas.



Tamén chamado xaquetón é considerado a máis perigosa das quenllas. Ten o fociño cónico en vez de esmagado, ollos negros e grandes, dentes serrados en forma de punta de frecha. Os lóbulos superiores e inferiores da cola son case iguais de

tamaño, e o corpo é azul ou castaño agrisado, e non branco, excepto na superficie ventral.

Ainda que a quenlla branca é un animal de descomunal forza, e aterroriza aos humanos cos que entran en contacto. A maioría das autoridades están de acordo en que a súa reputación é inmerecida. Algúns especialistas opinan que trátase duna especie ameazada pola redución das fontes de alimentos polo exceso de pesca por parte de cazadores de trofeos.

Pertence á familia dos Lámnidos.

Anatomía dunha quenlla

As quenllas adoitan ter un corpo aerodinámico e cinco clases diferentes de aletas que permiten a natación. Os movementos natatorios empurran a auga cara as branquias permitindo ás quenllas respirar. As quenllas non teñen vexiga natatoria, o órgano cheo de aire que permite aos peixes óseos estar flotando e cambiar de profundidade. En cambio, teñen grandes cantidades de graseas e aceites almacenadas no fígado que lle proporciona estabilidade.



Ainda que a quenlla branca debe ó cine a súa mala fama, hai pouca información documentada acerca do seu comportamento. Unha das quenllas brancas de maior tamaño foi capturado en Nova Torque, en 1964 de 5,34m de longo, e pesaba uns 2043kg. A quenlla branca engulle sen mastigar criaturas e obxectos de ata a metade do seu tamaño, en especial as focas, golfinhos, tartarugas, outras quenllas, anacos arrincados de baleas, peixes e lixo procedente dos barcos. Entre 1916 e 1969 se produciron 32 ataques contra nadadores co resultado de 13 mortos, que foron atribuídos as quenllas brancas. En tres ocasións se produciron ataques documentados contra botes fronte o cabo Bretón (Canadá), un dos cales, un esquife, resultou fundido.



Unha femia recoñecida polas súas cicatrices, durante 13 anos regresa as costas de Australia onde se producen as maiores capturas deportivas.

(José Adrián e Alejandro 6^a B)

OS HÁMSTERS

Os hámster caracterízanse por ter bolsas en cada meixela, que empregan para almacenar comida. Teñen unha pelaxe densa e suave, e

o corpo robusto, con patas e colas cortas.

Os hámster precisan ter unha dieta equilibrada rica en vitaminas, saes minerais e outros nutrientes. A comida pódese mercar nunha tenda de animais ou creala un mesmo pero nunca se lle pode dar comida da que sobrou na mesa porque pódense poñer malos, ademais gústanlles os froitos secos e as mazás crúas



Unha das razóns polas cales a xente os merca é porque son animalíños aos que lles gusta moito xogar. Pódense estimular a xogar e para facer exercicios instalados nunhas zonas de xogo.



As zonas de xogo podémolas facer nós cunha caixa e poñéndolle xoguetes ou mercalos en tendas de animais, pero o que nunca lles debe faltar é unha roda porque necesitan facer exercicio, senón caerían nunha especie de parálise a causa de estar pechados

Tamén lles gusta moito esconderse, polo que poderíamos poñer ou facer labirintos ou pequenos túneles con tubos ou rolos de papel, ou mesmo poñerlles algodón para que fagan o seu berce ou niño.

(Alba y Antía 6^ºB)

CHICHARRA



Reino: Animalia.

Filo: Arthropoda

Clase: Insecta

Orde: Hemiptera.

Suborden: Cicadidae.

(Lucas López López 2^ºA)

O LUCECÚ




O Lucecú é un insecto pequeno de cor marrón . O macho ten ás a femia non. Tanto o macho coma a femia xeran luz que non contamina, sèrvelle para atraerse, e aparearse.

É unha marabilla ver as súas luces nas noites do verán !!!!!!!

Olalla 2ªA

VAGA LUME ou LUCECÚ

É un insecto que se caracteriza pola súa capacidade de emitir luz: bioluminiscencia.
As femias ilumináronse para atraer aos machos.
Se algo as molesta, apárgan a luz e vive nos pantanos e nos bosques.
As larvas comen caracais e lombriz.
Os adultos non comen.




ADIVIÑAS

Xos Cortés 2ªA

Sandra Blosser
2ªA

Son amigo da lúa
son inimigo do sol
se ven a luz do día
abra a miña luz e sonríe.

Ten lampaditas de luz verde
e cando é de noite os acende.



Neptuno

Neptuno: Toma o seu nome do deus do mar dos romanos. Ten unha inclinación de 30° . Neptuno está a 4500 millóns de km. do sol e tarda 165 anos en dar unha volta completa ao redor do sol. Na súa superficie hai uns ventos moi violentos.




Urano

Urano: O seu nome ven do deus dos ces romanos. Ten unha inclinación 98° . Ten un diámetro maior có da terra. Está composto de gas arredor dun corazón rochoso.



Saturno

Saturno: O seu nome é o do pai do deus Xúpiter. Ten unha inclinación de 27° . Está rodeado por aneis de cores compostos por rochas e ces. É un dos catro planetas xigantes do sistema solar. É tan lixeiro que flotaría nun océano.



Xúpiter

Xúpiter: É o nome do deus supremo e creador do universo. Ten unha inclinación de tres graos. É o xigante do sistema solar. Está composto por gas. O seu diámetro é case 11 veces o da terra. Os ciclóns son constantes na súa atmosfera. Posúe 16 satélites, sendo o máis coñecido Ganímedes.




Marte

Marte: Deus da guerra. Ten unha inclinación de 25° . Chámase o planeta vermello. Suponse que no pasado estivo percorrido por ríos, pero si queda auga en Marte debe estar no subsolo.

Terra: Nai de todos os deuses. Ten unha inclinación de 23° . É o terceiro planeta máis achegado ao sol, o quinto pola súa talla e o único que ten auga líquida na súa superficie.



Terra



Mercurio: Mensaxeiro dos deuses. Ten unha inclinación de $0,1^\circ$. Da a volta arredor do sol en 88 días. Está tan preto del que un cacho de metal fundiríase na súa superficie.




Venus: Deusa do amor e da beleza. Ten unha inclinación de 117° . Fai moito calor neste planeta porque está cuberto de volcáns que proxeccionan gases que se acumulan na súa atmosfera.

AS FIGURAS MITOLÓXICAS

As figuras mitolóxicas crese que non existíron.

Normalmente adóitanse por en contos, lendas fábulas, etc. porque lle dan un toque animado e fantástico.



No mundo so existe un dragón, chámase o Dragón de Cómodo.

Os dragóns: Normalmente nas lendas teñen ás, botan lume pola boca e adoitan ter un aspecto asustado ou medroso, e case sempre son malos.

As fadas: Nas lendas adoitan ter ás, ter unha varíña máxica, e ser boas, e adoitan facer feitiços. Non existen.


Os ogros: Adoitan ser altos, fortes e musculosos, case sempre son malos e de cor verde, dan un aspecto moi medroso e asustado. Non existen.

Os unicornios: Son cabalos brancos e cun corno na fronte, adoitan ser bos e non dan medo. Non existen.

Os pegasos: Son cabalos brancos, teñen dúas ás que lle permiten voar e coas patas parece como si estivesen correndo polo ar. Non existen.

Os golems: Son xigantes, musculosos, con moita forza e teñen cores xeralmente escuros, case sempre son malos. Non existen.





OS DRAGÓNS

Os dragóns son os seres que máis espertaron a imaxinación e foron usados en lendas, libros e películas.

Os dragóns encóntranse en todas as culturas e non so nas europeas ou orientais como se cría.

Para cada rexión úsase autóctono e ten partes dos animais desa rexión, en América os dragóns teñen garras de aguía, na India os dragóns teñen garras de tigre.

Hai moitos tipos de dragóns, pero en común todos teñen unha base de réptil, viven en cavernas (outros en lagos ou mares), teñen un alento fétido e a mordedura é punzante.

Viven miles de anos (algúns son inmortais) e teñen unha intelixencia superior á de calquera animal.

Algúns dragóns cospen fogo ou auga, dous ou máis extremidades, unha ou varias cabezas, varias cores e unha ou varias cabezas diversas cores e teñen unha rara mestura de animais.

Hai dragóns bos, malos e outros compórtanse segundo o home se relacione coa natureza. Os dragóns orientais son xeralmente bos, axudan ao home, e outórganlle dons e sabedoría. Os dragóns europeos son máis agresivos, atemorizan aos pobos con lume e quen logre matalos obterá grandes beneficios.

Segundo contan ás lendas cada parte do dragón ten grandes propiedades, por exemplo a súa lingua dá o poder de falar cos animais e poder entendelos, os cornos, dentes e ósos raídos dos dragóns curan feridas mortais e tamén se usaban coma bos talismáns. Quen coma os seu corazón terá unha gran valentía e coraxe.

Será invencible quen se bañe en sangue de dragón. Coma moitos dragóns posúen o don de facérense invisibles, quen consiga un á de dragón poderá facerse unha capa que o faga invisible cando o desexase. As súas escamas eran tan resistentes que as usaban para facer armaduras. As uñas as usaban coma poderosas armas. Pagábanse grandes sumas de diñeiro por unha parte do dragón o que fomentou a aparición de cazadores de dragóns.

Hai algúns dragóns que botan lume porque teñen dúas glándulas con ácidos dentro da boca que ao expulsalos ao exterior entrarían en contacto co aire e farían combustión.

Dragóns Brancos e Prateados: Eran sen lugar a dubida os máis nobres e benévolos de todos, adoítaban evitar os enfrontamentos, pero cando estaban en combate podían ser moi agresivos, pero se podían evitalo non chegaban a matar.

Dragóns Roxos e Dourados: Adoítaban vivir nas cimas de volcáns, caracterízanse polas súas enormes camaradas, e unha das razas máis agresivas de dragóns.

Dragóns Verdes: É unha raza rara, pois non tiñan un carácter definido, uns eran moi agresivos e outros eran moi pacíficos, non son moi fortes e viven en bosques frondosos.

Dragóns Azuis: Son coñecidos como dragóns de xeo e habitan nas zonas máis xeadas eónditas dos continentes.

Dragóns Negros: Atópanse en pantanos e en lugares onde hai lodo. Habitan en guaridas no subsolo. solen medir 9 metros e escuden ácido.


UNHA PEQUENA HISTORIA SOBRE O BELÉN

Os nenos e nenas de 3º A fixemos un belén que foi elixido para decorar a tarxeta de felicitación de Nadal deste o noso colexio.

Agora contaremosvos como foi a historia do belén.

A primeira vez que se fixo un belén pénsase que foi San Francisco de Asís en Italia, no século XIII. Foi unha representación vivente na que participaron algúns veciños da localidade de Greccio e incluso puxeron unha mula e un boi.

San Francisco construiu un portal de madeira e palla onde se representaron algunhas das escenas anteriores e posteriores ao nacemento de Xesús.



(Mural de clase feito polos alumnos de 3ºA)

En España, o belén introducíuno a orde franciscana no século XV e converteuse nunha tradición moi estendida ata hoxe.

Este costume foise estendendo por moitas localidades e finalmente pasou aos fogares italianos.


Hoxe en día, as representacións máis sinxelas poden reducirse ás tres figuras do misterio de Nadal ou pode complicarse ata onde chegue a imaxinación do autor, montando un escenario completo co Portal de Belén, a estrela de Nadal, os Reis Magos, diversos edificios, todo tipo de animais, ríos fontes, foqueiras, pontes, vexetación, árbores, montañas ... cegando incluso a ter movementos.

3º A

¿QUERES SER MAIOR?

AS
10 REGLAS BÁSICAS PARA SER
MAIOR:

1. Non debes permitir que che fagan as cousas que ti xa podes facer: levar a mochila, aseo persoal, coidado das túas roupas, limpeza e orde dos teus materiais e xogos...
2. Recoñece e asume o resultado do que fas, aínda que te equivoques. Dos erros tamén se aprende.
3. Prepara e revisa a mochila pola noite para o día seguinte.
4. Organiza o teu día: estudos, horarios, tempo para xogar, tarefas da casa, etc.
5. Intenta ser coidadoso cos materiais escolares e os obxectos persoais, e procura non extraviar nada.
6. Colabora nalgunha tarefa para que todo funcione ben na casa e ninguén cargue con todo o peso dos traballos.
7. Cumpre ben o que che manden porque de ti dependerá o que os demais estean máis a gusto.
8. Cada día debes revisar a axenda das túas obrigacións e valorar, ao final do día, se fuches capaz de cumprir todo o que che propuxeches.
9. Se te acostumas a levar a axenda coas actividades de cada día, verás que fácil é organizarte e terás tempo para todo.
10. Sempre que teñas que decidir algo, pensa por que o fas.



(Departamento de orientación)

Hábitos saudables e perxudiciais

Practicar o "sillón-vol".

Facer exercicio ata quedar esgotado.

Dosificar o esforzo

Tomar moitos refrescos con gas ou non beber auga.

Facer exercicio sen quentar.

Sentar de calquera maneira e non coidar as nosas posturas.

Ter un peso axeitado.

Comer dúas horas antes de facer exercicio físico.

Comer ou almorzar xusto antes da actividade deportiva.

Estirar ao rematar a actividade deportiva.

Pasar de estirar.

Durmir oito horas diarias

Durmir pouco ou mal

Non ducharse, nin cambiar a roupa usada.

Ducharse despois de suar e cambiar a roupa utilizada.

Comer só o que nos gusta.

Comer moderadamente e de todo.

OBRADOIRO DE MÚSICA

Este Nadal preparamos no obradoiro de música de 5º e 6º unha panxoliña moi fermosa que pertence ao folclore inglés. Cantamos, interpretamos con frauta e percusión. Ademais acompañounos Julián co acordeón.

NADAL NADAL

POPULAR INGLESA

Voice

Nadal, nadal

Neste día de nadal
veu un anxo do ceo
traio a boa nova
ó pobo de Israel.

E sorprende a uns pastores (sorprendendo)
que ó abeiro do lume
coidan do seu rabaño
nun frío lugar.




O nadal, o nadal, o nadal
o rei dos reis xa naceu no Portal.

Os pastores abraiaados
ven un gran resplandor
dunha estrela brillante (que brilla)
no ceo de Oriente.

E esa estrela coa súa luz
nunca se apagará
e por sempre o camiño
nos sinalará.

O nadal, o nadal, o nadal
o rei dos reis xa naceu no Portal.

POPULAR INGLESA





Xogos Olímpicos- Beijing 2008

O 8 de agosto deste ano comezarán os Xogos Olímpicos na cidade de Beijing (Pekín- China).

Serán deportes olímpicos: atletismo, bádminton, baloncesto, balonmán, béisbol, boxeo, ciclismo, esgrima, fútbol, Ximnasia (artística e rítmica), halterofilia, hípica, hockey, judo, loita, natación (waterpolo, sincronizada, salto se natación), pentatlón moderno, piragüismo, remo, sóftbol, taekwondo, tenis, tenis de mesa, tiro, tiro con arco, triatlón, vela e voleibol.



As mascotas son Beibei (peixe), Jingjing (oso panda), Huanhuan (“llama olímpica”), Yingying (antílope) e Nini (golondrina).



Se queres pasar un rato divertido, intenta relacionar cada mascota das que tes arriba co deporte que simboliza. Ánimo, é moi sinxelo!!

Chistes

Pregúntalle un novo recluso na cárcere, ao seu compañeiro de cela:

- E ti ¿Por qué estás aquí?
- Porque non me deixan saír.

Dous soldados están de garda á porta do cuartel. Dille un ao outro:

- ¿Viches? Hai unha “caca” enorme xusto diante da porta.
- Si haberá que dar parte ao Coronel.
- Home, por min... dámoslla toda.

Rubén 4º B

Un borracho chega á casa e quere abrir a porta, pero por máis que o intentaba, non o conseguía. Acercouse un veciño disposto a axudarlle e di:

- ¡Pero se eso é un puro, non unha chave!
- ¡Vaia! Volvín a fumar-me a chave.

Rubén 4º

B

A mestra pasando lista:

- ¿Xoán Fernández?
- Presente.
- ¿Orlando Trigo?
- Picame o embigo.

Volve ao outro día pasar lista e di:

- ¿Orlando Trigo?
- Picame o embigo.

Entón a mestra pensa: “Vou ter que facer algo porque este rapaz ponme en ridículo”

O outro día, pasa lista e di:

- ¿Trigo Orlando?
- Sígueme picando.

Raúl 4ºB

Están dúas ovelas nun campo xogando ao fútbol e cando o balón sae do campo unha dille a outra:

-¡ Beeeeeeeeeee!

E a outra contesta:

-¡ Non, beeee, tí!

Rubén 4º B

Chega Jaimito a casa e, escondendo as notas detrás do lombo, ofrécelle un bolígrafo ao seu pai e dille:

- Papá, ¿sabes firmar cos ollos pechados?

Rubén 4º B

ADIVIÑAS

Todas din que me queren
 pro facer boas xogadas
 e sen embargo cando me teñen
 trátanme sempre a potadas

O balón

Adiviña ti quen sou
 cando vou , veño
 cando veño, vou:

O congreso

O seu tamaño é como unha olla,
 ten as e non voa

O sombrero

Pica, picando
 Califa arrastrando



A agulla e o fío

Salta, salta
 e a colíza lle falta

A

Xeroglíficos

¿Que se puxo Sara?

 -mpada +  -ca.
 Un...

¿Que comín hoxe?

 +  -rta +  -telo

Unhas...

¿Que leva a miña avoa no pelo?

 -sca +  -ni

Un...


Alicia Dopera 4ª

FU DA 6º B

SOPA DE LETRAS

Busca na seguinte sopa de letras dez razas de cans e rodéaa ou pintaas.

- RAZAS:**
 Pastor Alemán
 Husky
 San Bernardo
 Labrador
 Golden Retriever
 Boxer
 Dálmata
 Cooker
 Yorksire
 Beagle



Y	O	R	K	S	H	I	R	E	U	Ñ	O	U	N	S	A	O	P	P	G	G	A	L		
F	O	F	R	M	U	A	G	O	L	D	E	N	R	E	T	R	I	E	V	E	R	E	R	M
D	D	E	D	U	M	B	U	Z	O	A	T	U	R	E	N	B	B	O	S	P	L	Y		
U	S	S	A	N	B	E	R	N	A	D	O	M	P	P	Ñ	Ñ	U	O	L	E	S	S		
P	I	A	L	G	A	C	I	G	A	T	T	U	H	O	R	T	M	S	X	E	G	S		
D	A	L	M	O	S	U	C	H	U	C	H	A	A	A	S	M	S	S	M	E	A	G		
S	A	S	A	R	E	I	N	A	U	T	I	O	E	L	L	A	T	Ñ	U	T	R	O		
T	O	R	T	O	R	T	O	T	A	S	C	O	O	K	E	R	A	I	N	L	G	E		
I	S	I	A	O	G	O	E	S	P	S	K	A	O	Ñ	C	S	F	M	R	E	C	I		
A	S	T	R	U	R	L	A	T	I	A	E	Y	O	O	M	I	C	R	A	O	N	S		
U	R	Y	A	P	E	A	M	R	S	I	C	L	A	B	R	A	D	O	R	C	O	C		
A	N	N	S	O	T	E	L	E	O	O	T	R	Y	C	L	C	H	A	S	N	E	S		
N	Y	U	G	S	R	A	B	E	A	G	L	E	N	E	D	M	Y	O	M	U	Y	H		
A	I	B	A	O	T	D	S	Q	M	U	E	O	M	T	I	M	T	E	O	E	E	N		
U	S	A	U	M	U	U	S	G	U	A	O	S	U	S	U	T	E	A	U	E	N	L		
U	N	A	T	S	O	U	S	E	L	S	N	O	M	S	P	S	E	S	P	S	O	T		



Rodea o nome de 10 ofícios e escrebeos á direita da táboa

E	N	F	E	R	M	E	I	R	A	_____
S	C	K	B	L	O	E	F	B	T	_____
P	A	N	A	D	E	I	R	O	S	_____
M	M	V	R	A	C	P	U	T	I	_____
B	A	V	X	C	A	I	O	I	L	_____
E	R	T	S	A	X	L	L	C	O	_____
O	E	R	O	T	U	O	D	A	B	_____
H	I	U	R	C	L	T	N	R	T	_____
P	R	O	F	E	S	O	R	I	U	_____
P	O	L	I	C	I	A	D	O	F	_____

Rodea o nome de 10 alimentos e escrebeos á direita da táboa.

M	A	Z	A	H	P	O	L	M	I	_____
E	R	G	P	E	I	X	E	B	P	_____
L	U	N	R	X	V	A	R	E	P	_____
O	X	O	L	M	B	M	C	N	A	_____
N	M	D	C	R	U	O	L	P	S	_____
Q	X	O	V	O	S	N	O	A	T	_____
Z	V	R	M	O	P	H	X	I	A	_____
E	B	O	B	T	C	A	R	N	E	_____
T	I	M	A	B	M	I	T	U	X	_____
U	P	A	N	P	N	E	A	L	O	_____

O sudoku é un xogo de números orixinario do Xapón. O obxectivo deste xogo é completar os crebacabezas cos números que faltan. Cada cadrado, cada fila e cada columna conteñen os números do 1 ao 9, pero sen repetir ningún.

NIVEL 1

			8	6				
	9	6	5	4			2	
				3	9		7	
		9		2			3	1
6	7	4	3		8	2	5	9
1	2			9		4		
	5		6	7				
	4			5	2	9	6	
				8	3			

NIVEL 2

9		6		2	7	1	4	
5	4	1		6	3	7	2	8
7	8	2	4			9	6	3
2	6	9		4	5	3	8	7
3	7			8			1	9
8	1	4	7	3		2	5	6
4	5	3			6	8	7	1
6	2	7	3	1		5	9	4
	9	8	5	7		6		2

NIVEL 3

2		8		4				9
			2	7	8			5
4	3	7						8
	1	5		9	6			
	8	2				5	9	
			5	8		1	7	
5						9	2	1
9			1	3	4			
8				2		6		4

8		3		4				2
		1	3			5		6
			1	9	2			3
	9	2		5			6	
	1		2		3		7	
	4			8		2	3	
1			7	2	6			
2		5			4	6		
7				3		1		8

RECEITAS DE COCIÑA

MEDALLÓNS DE XAMÓN YORK

Ingredientes:

8 rebandas de xamón york (que non estean cortadas moi finas).

3 culleradas de manteiga ou margarina.

2 ovos cocidos

Un corazón de leituga.

Aceite, vinagre e sal.

Preparación:

De cada rebanda de xamón fanse catro discos, cortándoos cun vaso dos de viño, para ter 32 que son os necesarios para facer 16 medallóns. Os recortes do xamón vanse machucando, por partes nun morteiro, hasta facer unha pasta; pónense nunha fonte, engádense a manteiga, os ovos machucados cun garfo hasta deixalos feitos papilla, compróbase do sal e pónselle un pouco máis se fai falla. Esta pasta repártese entre os 16 discos cóbrense cos outros.

Pónense nunha fonte e métese no frigorífico.

No intre de servilos prepárase coa leituga unha ensalada, colócase no centro dunha fonte e arredor pónense os medallóns moi fríos.

Ana Díaz 4^ºA

PAVO ASADO RECHEO DE CARNE E OVO.

Ingredientes:

1 pavo

1 rama de piriñel

1 dente de allo

1 cebola

1/2 carne picada de tenreira

4 ovos cocidos

1 copa de coñac

As patacas asadas na salsa do pavo

Sal

Aceite

Noz rillada

Preparación:

Nun asador ponse o pavo. De seguido ábrese e métese a carne picada, ovo cocido e a noz rillada. Seguidamente colles o allo e o piriñel con aceite, cebola, allo e métese dentro todo.

Colles un vaso de coñac e aspérase o pavo. Máis tarde pónense unhas patacas na salsa do pavo e un chorriño de aceite cun pouco de sal.

hán 4^ºA

MAZAPÁNS

Ingredientes:

1/4 de améndoas moidas.

300gr de azucre.

4 claras de ovos.

Azucre en po.

Faise un xarope co azucre e medio litro de auga. Deixase cocer uns momentos, retírase para engadir as améndoas, achégase de novo ao lume e trabállase con culler de madeira.

Tense que formar unha pasta con corpo. Despois apártase do

lume e cando comeza a arrefriar vanse engadindo as claras de ovo, unha a unha, para cocelo de novo todo xunto, sen deixar de remelo coa culler.

Despois retirase, deixase temperar a pasta e fanse figurinas, pónselles un pouco de azucre en po e métese un pouco ao forno ata que estean douradas.

(5ºB) MOUSSE DE CHOCOLATE

Ingredientes:

125 gr. de chocolate
3 culleradas de leite
3 xemas de ovo
4 claras de ovo
3 culleradas de azucre
75gr de manteiga
Unha chisca de sal

Poñer nun cazo, a lume baixo, o chocolate en anaquiños co leite.

Cando estea mesturado, apártase do lume e engádese a manteiga.

Noutro recipiente mesturar ben a xemas co azucre. Engadir a mestura anterior.

Bater as claras a punto de neve cunha chisca de sal.

Cando o chocolate estea frío engádense as claras moi a modinho.

Por a mousse en cuncas individuais e meter na neveira.

(5ºB)

BISCOITO

Ingredientes:

7 ovos
1 vaso de aceite
½ vaso de leite
½ kg de farinã
½ kg de azucre
1 sobre de levedo
Froitos secos sen pel

Bátense as claras a piques de neve, engádese o azucre, as xemas, o leite, o aceite, a farinã e a levedo. Enfaríñanse os froitos secos para que non vaian ao fondo e engádense a mestura.

Untar un molde con manteiga e farinã, verter o preparado no molde, ponse azucre por enriba e métese no forno a 160 graos durante 30 minutos.



LIBROS QUE NOS GUSTAN

Gustoume moito o libro porque dice que hai que ser bos compañeiros e non burlarse dos demais.




un día horrible en el cole




Cuatro nenos quieren sair dun país conxelado e recuperar a luz, a alegría, e verán...

ESPAGUETIS. PARA SUSANA
A Susana so lle gustan os espaguetis, e so come espaguetis hasta que unos amigos ensináronlle que hai que comer de todo.



Nun lugar moi fermoso chamada Podesvir
o sol era tan gelido que case nunca se quería deitar. Botaba tanto paseando...




Bartolomé descubri-
ría que
deve
máxico.
Lede este
libro e
seguro que

atoparedes
a maria que
el encon-
trou.

INTERMINABLE

APRENDEMOS dos CONTO

- A respectar aos demais
- A non roulear
- A traballar en equipo
- A pedir axuda
- A axudar á familia
- A compartir
- A coidar a natureza
- A ser ordenados
- A ler sos
- A coidar os libros
- A non pegar
- A non romper as cousas
- A non botarlle a culpa aos demais
- A non dicirle aos outros o que deben facer.
- Hai que axudar na casa.



2ª A

DAMOS A BENVIDA A ...



E DESPEDÍMONOS DE ..

